

**RESOLUCIÓN do 14 de novembro de 2019, do tribunal designado para
xulgar o proceso selectivo para a provisión dunha praza do corpo
superior do Parlamento de Galicia, convocada por acordo da Mesa do
Parlamento do 8 de xullo do 2019, pola que se fai pública a data, a hora e
o lugar de realización do primeiro exercicio.**

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 23 de outubro de 2019 (BOPG número 553, do 24.10.2019), para cualificar o proceso selectivo para a provisión dunha praza do corpo superior, convocada por acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo de 2019 (DOGA núm. 142 do 29.08.2019), acordou, de conformidade co disposto na base 6.2 que o primeiro exercicio terá lugar o **día 16 de decembro do 2019, luns, na sala dos Reis da planta 0** do edificio do Parlamento de Galicia, situado na rúa do Hórreo, número 63, en Santiago de Compostela, en chamamento único, que se iniciará **ás 10.00 horas**.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a suízo do tribunal, e bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2019

A presidenta do tribunal



Carolina Costoya Pardo